

**materia**

Federalismo Fiscal

unidade didáctica 4

# Sistema de financiamento local e autonómico en España

María Cadaval Sampedro  
Departamento de Economía Aplicada  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,  
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

**titulación**

Grao en Economía





unidade didáctica 4

# **Sistema de financiamento local e autonómico en España**

María Cadaval Sampedro  
Departamento de Economía Aplicada  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Estudantes, Cultura  
e Formación Continua da  
Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 2367-2011

**ISBN** 978-84-9887-781-6

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

**MATERIA: FEDERALISMO FISCAL**  
**TITULACIÓN: GRAO EN ECONOMÍA**  
PROGRAMA XERAL DO CURSO  
Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Introducción**

Federalismo fiscal: aspectos funcionais  
Función de asignación: o modelo de Oates e a teoría de Tiebout  
Función redistributiva  
As políticas macroeconómicas

**Unidade II. A descentralización. Vantaxes e Inconvenientes**

Os bens públicos locais coma bens mixtos  
Os efectos desbordamento  
O efecto conxestión  
Externalidades e economías de escala  
Competencia fiscal  
Redistribución e mobilidade  
A descentralización na práctica

**Unidade III. Os sistemas de perecuación O efecto "Fly paper"**

A nivelación fiscal  
Aspectos teóricos  
A práctica. Experiencia comparada

**Unidade IV. O Sistema de Financiamento autonómico e local en España**

Desenvolvemento temporal do proceso autonómico  
    O financiamento Autonómico  
    O sistema foral  
As corporacións locais  
    Características e problemas de dimensión  
    Os seus recursos: sistema tributario, subvencións e  
    Endebadamento  
    Financiamento das corporacións locais: O sistema impositivo  
    municipal –teórico e práctico–



## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	7
<b>Xustificación</b> .....	8
<b>Os obxectivos</b> .....	9
<b>Principios metodolóxicos</b> .....	11
<b>Os contidos</b>	
1. Desenvolvemento temporal do proceso autonómico .....	12
1.1. O financiamento Autonómico.....	15
1.2. O sistema foral.....	19
2. As Corporacións Locais.....	20
2.1. Características e problemas de dimensión .....	21
2.2. Os recursos locais: sistema tributario, subvencións e endebedamento .....	23
2.3. Financiamento das corporacións locais. O Sistema impositivo municipal teórico e práctico .....	25
<b>Actividades propostas</b> .....	32
<b>Avaliación da Unidade Didáctica</b> .....	32
<b>Bibliografía</b> .....	33



## PRESENTACIÓN


---

A materia Federalismo Fiscal está enmarcada no bloque formativo relativo ao estudo do sector público, no Grao de Economía. Segundo o regulado no RD 1393/2007, e na lexislación propia da USC, a materia ten o carácter de obrigatoria no Plan de Estudos, que se sitúa temporalmente no primeiro semestre do 4º curso do Grao. Así, pois, está destinada aos alumnos do Grao en Economía do Campus de Santiago de Compostela.

O contido impártese o primeiro semestre do curso, cunha carga lectiva de 4.5 créditos ECTS. O 60% teñen carácter expositivo e o 40% interactivo. Deste xeito, e de acordo co horario que se estableza anualmente polo Centro, a distribución semanal da carga lectiva farase combinando as aulas expositivas de dúas horas de duración, coas interactivas, dunha hora.

A programación docente está constituída por catro unidades didácticas, nas que se abordan os aspectos máis relevantes para mergullarse na Teoría do Federalismo Fiscal. Así, despois da primeira parte, destinada á contextualización dos aspectos funcionais do Federalismo Fiscal, as teorías clásicas que o xustifican así coma o seu papel na división de funcións do Sector Público; abordamos o estudo das vantaxes e inconvenientes da descentralización, os sistemas de perecuación para entrar no estudo concreto da descentralización en España. Así, mergullámonos no sistema autonómico e local, as súas características e os seus sistemas de financiamento, dende o punto de vista teórico e práctico.

En resumo, o esquema didáctico quedaría como segue:



## **XUSTIFICACIÓN**


---

Federalismo Fiscal é unha materia obrigatoria, que se sitúa no punto intermedio do bloque de coñecemento relativo ao amplo campo da Facenda Pública. Os seus obxectivos son os seguintes:

1. Introducir o alumno no coñecemento teórico da Facenda Multinivel, de tal maneira que, ao acabar a súa formación, poida coñecer as razóns teóricas da descentralización do sector público.
2. Estudar as características dos bens públicos locais, a competencia fiscal e a exportación de impostos, a dimensión óptima das xurisdicións subcentrais, as transferencias financeiras, a imposición local e o endebedamento.
3. Entender a descentralización que se levou a cabo nos países do noso contorno, así coma tamén noutros: Canadá, EUA., etc.
4. Coñecer as razóns da descentralización en España, dende o punto de vista teórico e práctico.
5. Aproximarse á configuración autonómica do noso país, coñecendo as diferenzas principais entre o sistema de réxime común e foral, así coma as especificidades da cada CC.AA. dentro do primeiro.
6. Coñecer a configuración do sistema local español, dende as entidades que o forman, ata o seu financiamento, as súas características, as diferenzas e similitudes coas entidades locais en Europa.

Na unidade didáctica que nos ocupa, focalizamos a nosa atención no apartado de descentralización en España, estudando as características do noso sistema autonómico e local.

Esta unidade está estreitamente relacionada coas anteriores. En conxunto, cos coñecementos adquiridos no 3º curso do grao, o alumno pode facerse unha composición da actividade conxunta do sector público, as razóns da existencia de distintos niveis de goberno, así coma o seu financiamento, dende o punto de vista teórico e dende a experiencia concreta do caso español.



## OS OBXECTIVOS

---

O estudo do sector público como axente económico esixe delimitar o seu ámbito e coñecer a súa dimensión, estudando a súa descentralización, as características específicas dos bens públicos locais, a competencia fiscal e a exportación impositiva, a dimensión óptima das xurisdicións subcentrais, as transferencias financeiras, a imposición autonómica e local e o endebedamento.

Os obxectivos da unidade IV radican en:

- a) Despois de coñecer as razóns teóricas da descentralización do sector público e da creación de gobernos multinivel, tratamos de saber como foi a descentralización en España. Para acadar este obxectivo, estudamos primeiro o proceso de descentralización autonómico e logo o local.
- b) Para entender o proceso de descentralización autonómico debemos falar, en primeiro lugar, do procedemento temporal dende o ano 1978 ata a actualidade. Avanzamos polos distintos sistemas de financiamento aprobados nestes máis de trinta anos, para pararnos a estudar o que está en vigor. A través del, ademais de coñecer as partidas de gasto e de ingreso autonómico, diferenciamos as comunidades de réxime común, de réxime foral, coas súas similitudes e diferenzas.
- c) A partires de aquí, o alumno deberá aprender a liquidar os principais impostos autonómicos e ver cal é o grao de autonomía co que contan as CC.AA. Un dos obxectivos é que os estudantes poidan valorar o sistema real de financiamento autonómico, cos preceptos teóricos estudados con anterioridade.
- d) Coñecer os entes locais, as súas características, funcións e orzamento. Explicaranse as vantaxes e inconvenientes da configuración dos gobernos locais, as razóns teóricas dunha dimensión óptima, a teoría da xeometría espacial variable, etc.
- e) Liquidaranse os impostos municipais tanto obrigatorios coma potestativos, vendo con que recursos contan os outros entes locais. De xeito complementario, han de compararse as fórmulas de descentralización e financiamento local utilizadas en España con outras postas en práctica nos países do noso entorno máis próximo.
- f) Con todo, preténdese que o alumno faga uso da comunicación verbal e do seu espírito crítico cara aos temas que se estudan.

## OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

---

Se botamos man da definición de método didáctico, entendemos que comprende o conxunto de estratexias e técnicas utilizadas polo docente, que axudan a conseguir os obxectivos por parte do alumnado, mediante o traballo dos contidos nun contexto organizado. Pois ben, a través da mestura dos tipos metodolóxicos afirmativo e de elaboración, os alumnos deberan ser capaces de xustificar, con exemplos reais, diferentes modelos de gobernos multinivel, aqueles que máis se axustan aos preceptos teóricos, cales son os mellores métodos de financiamento para poder comparalos co sistema de financiamento autonómico e local existente en España.

Como puxemos de manifesto, un dos obxectivos principais desta unidade didáctica consiste en liquidar os impostos autonómicos e locais, pero tamén ver se a descentralización existente é a mellor posible, cales son as distintas posibilidades que ofrece o noso establecemento xurídico, así como podería modificarse a configuración descentralizada do Estado no futuro.

En resumo, partindo do método afirmativo, os alumnos han de saber achegarse ao método de elaboración, botando man da documentación entregada polo profesor/-a, así como tamén do traballo derivado dunha investigación persoal. En moitas ocasións a busca realizarase en grupo, aproveitando as vantaxes do traballo en equipo. Deste xeito, nas sesións interactivas son os alumnos os que toman o encargo didáctico, buscando un *feed-back* no que todos aprendamos de todos. Así, o profesor busca activar a curiosidade e o interese do alumno polo contido do tema que se vai tratar, amosando a súa importancia e a súa utilidade ao longo da súa carreira non só estudantil, senón profesional.


Para facilitar a percepción da autonomía do alumno, e seguindo as directrices do proceso de Boloña, as aulas quedarán divididas en grupos dende o primeiro día, de tal xeito que actuarán como unha unidade nos debates e nas defensas dos seus traballos. Durante toda a fase de elaboración de traballo do alumnado, o profesor ten o labor de orientar a actividade, asesorar durante a súa realización e avaliar ao seu remate.

## OS CONTIDOS BÁSICOS


---

### 1. Desenvolvemento temporal do proceso autonómico

Despois dos acontecementos históricos que sucederon en España no ano 1936, o proceso autonómico sofre unha paréntese ata o ano 1978, onde logo da aprobación da Constitución, se retoman os Estatutos de Autonomía das tres Comunidades históricas, comezando pola preautonomía vasca, a aprobación dos Estatutos de autonomía vasco e catalán e, finalmente, no ano 1981, do Estatuto de Galicia. A organización territorial do Estado quedaba definida en tres niveis de goberno:



Así, pois, esta unidade repasa como se foi configurando o actual Estado das autonomías. O primeiro que temos que destacar é a existencia de dous tipos de entes autonómicos, as comunidades de réxime común e as forais. Dentro das primeiras, debemos ter en conta a vía de acceso ás competencias das que gozan na actualidade. Falamos de CC.AA. de vía rápida, aquelas que primeiro tiveron un maior nivel de competencias, e as de vía lenta, as que foron incorporándose de xeito máis lento e paulatino. Para pechar este esquema non debemos esquecer as especificidades que teñen as illas ou as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.



Ao contrario do que pode parecer, o sistema autonómico español non ten unha configuración sinxela nin única, está repleta de especificidades e diferenzas, tal e como resume o seguinte esquema:

- CLASIFICACIÓN:
  - Segundo a vía de creación
    - CC.AA. artigo 151 (vía rápida)
      - Cataluña, País Vasco, Galicia e Andalucía
    - CC.AA. artigo 143 (Vía lenta)
      - Asturias, Cantabria, A Rioja, Murcia, Valencia, Aragón, Castela – A Mancha, Canarias, Navarra, Extremadura, Baleares, Madrid e Castela e León
    - Artículo 144b
      - Ceuta e Melilla (aproban os seus estatutos en 1995)

- Segundo as súas competencias
  - Dous grupos iniciais
    - Con competencias educativa e sanitaria
    - Sen competencias educativa e sanitaria
  - ...paulatinamente todas as CC.AA. acceden a elas, proceso que culmina no ano 2001.
- Segundo os feitos diferenciais
  - Hai oito CC.AA. que teñen competencias específicas das que non dispoñen as demais, no ámbito da lingua propia, dereito civil e organización territorial.
- Segundo o seu sistema de financiamento
  - O réxime Foral: País Vasco e Navarra
  - O réxime común: para todas as demais, sen prexuízo de peculiaridades propias de Canarias, Ceuta e Melilla
- Segundo a división territorial interna
  - Uniprovinciais (desaparece Deputación)
  - Pluriprovinciais

## 1.1. O financiamento Autonómico

O financiamento das comunidades autónomas xira en torno ao concepto clave de solidariedade recollido no texto constitucional, de tal xeito que se estableza un equilibrio económico axeitado e xusto nas diversas partes do territorio.

Na actualidade, como dixemos, conviven as comunidades de réxime foral, País Vasco e Navarra, e as de réxime común, cos casos especiais de Canarias, Ceuta e Melilla.

Diferentes pactos autonómicos marcan a evolución do sistema de financiamento, pasando, por seis acordos ata chegar ao sistema vixente: 1982-1983, 1987, 1992, 1996, 2002 e 2009, ano no que se produce a última reforma, que determina o financiamento actual dos entes autonómicos.

Así, os recursos cos que conta o nivel rexional de goberno podemos agrupalos en tres categorías: os tributos totalmente cedidos ás CCAA, a participación nos tributos do Estado central, que cede parte da recadación do IVE, IRPF e IIEE, sen que as autonomías teñan marxe de manobra ningún sobre os aspectos básicos dos mesmos.

Conta á súa vez, cun sistema de transferencias ou fondos, que teñen a finalidade de dar cumprimento ao principio de solidariedade.

Como sinalamos antes, o sistema de financiamento autonómico pasa por diferentes reformas, a última foi levada a cabo pola Lei 22/2009, de 18 de Decembro, coa que, segundo a súa exposición de motivos, preténdese:

1. Mellorar o financiamento dos servizos do Estado do Benestar que reciben os cidadáns.
2. Garantir que calquera cidadán reciba os mesmos servizos, máis alá do territorio onde resida, e que todas as competencias transferidas reciban financiamento suficiente.
3. Dotar de maior autonomía financeira e corresponsabilidade fiscal ás CC.AA
4. Reducir as diferenzas de financiamento per cápita

Para conseguir estes obxectivos, os eixes da reforma xiran ao redor dos seguintes principios:

1. Garantía de igualdade de financiamento para os servizos públicos fundamentais e suficiencia para o resto.
2. Garantía de igualdade de financiamento para os servizos públicos fundamentais e suficiencia para o resto.
3. Reforzo das prestacións do Estado do Benestar, cos recursos adicionais.
4. Aumento da autonomía financeira e a corresponsabilidade fiscal.
5. Mellor dinámica e estabilidade de sistema, e a súa capacidade de axuste ás necesidades.

Así, pois, tal e como viña acontecendo nas últimas reformas, a través deste novo modelo de financiamento, búscase, ademais de contribuír a

diminuír o desequilibrio vertical entre o Estado e as CC.AA, garantir a cada comunidade autónoma un incremento mínimo de recursos que posibilite que ningunha comunidade resulte prexudicada en termos absolutos pola aplicación do novo modelo.

No tocante á cesta de impostos, as CCAA teñen cedido o 100% do rendemento dos seguintes tributos, con certa capacidade normativa sobre eles, excepto no caso do imposto especial sobre a electricidade (ver cadro):

1. Imposto sobre o patrimonio (IPN)
2. Imposto sobre sucesións e doazóns (ISeD)
3. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP e AXD)
4. Tributos sobre o xogo e taxas afectas (TX e TA)
5. Imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos (ISVH)
6. Imposto especial sobre determinados medios de transporte
7. Imposto sobre a electricidade

<b>CAPACIDADE NORMATIVA DAS CC.AA. SOBRE TRIBUTOS TOTALMENTE CEDIDOS</b>	
<b>ITP</b>	Tipo de gravame sobre: concesións administrativas, transmisións de bens inmoables, constitución e cesión de dereitos reais, excepto os de garantía, arrendamento de bens móbiles e inmoables. Deducións e bonificacións da cota sobre os actos dos que se dispón de capacidade sobre o tipo de gravame Xestión e liquidación do tributo.
<b>AXD</b>	Tipo de gravame dos documentos notariais Dedución e bonificacións da cota sobre os documentos dos cales se dispón de capacidades sobre o tipo de gravame Xestión e liquidación do tributo
<b>ISeD</b>	Recadación Reducións da BI, tarifa, determinación da contía, coeficientes do patrimonio preexistente, deducións, bonificacións da cota, xestión e liquidación
<b>TX e TA</b>	Recadación Exencións, BI, tipos de gravame, cotas fixas, bonificacións e dereitos de cobro
<b>ISVH</b>	Recadación Tipos impositivos: Gasolinas: 0-48 €/1000 l Gasóleos de uso xeral: 0-48 €/1.000l Gasóleos de usos especiais e calefacción: 0-12€/1.000 l Fuelóleo: 0-2€/tonelada Queroseno uso xeral: 0-48€/1000l
<b>Imposto sobre a electricidade</b>	As CC.AA. non teñen capacidade normativa, reciben o 100% da recadación líquida, en función da % relativa de consumo neto de enerxía eléctrica
<b>Imposto sobre determinados medios de transporte</b>	Incremento dos tipos impositivos estatais ata un 15%
<b>IPN (2008, exención 100%)</b>	Mínimo exento, tipo de gravame, deducións e bonificacións da cota

Ademais, os gobernos autonómicos participan parcialmente do rendemento das principais figuras impositivas do sistema fiscal español tales coma o IVE, IRPF, IIEE na fase de fabricación, sobre alcohol, tabaco e hidrocarburos.

No IVE, as CC.AA. reciben o 50% da recadación total, en función do % de consumo da comunidade con respecto ao consumo total.

Para os impostos especiais sobre hidrocarburos, tabaco, alcohol, reciben o 58% da recadación total das CC.AA., dependendo dos criterios establecidos para cada un deles.

No IRPF, os entes territoriais teñen recoñecido certa marxe de manobra ou capacidade normativa, que resumimos no seguinte apartado:

<b>CAPACIDADE NORMATIVA DAS CC.AA. SOBRE O IRPF</b>	
<b>Tramo autonómico</b>	Mínimo persoal e familiar, cunha banda do 10% (+/-) Elimínase a limitación anterior de manter o mesmo número de tramos autonómicos que os da escala estatal. Deducións na cota por: circunstancias persoais e familiares; investimentos non empresariais por aplicación de renda; subvencións e axudas públicas non exentas, recibidas das CC.AA. –salvo as que afecten ao desenvolvemento das actividades económicas ou ás rendas que se integren na base do aforro–. Aumentos ou diminucións nas % de deducción da vivenda habitual.

Ademais dos impostos cedidos total ou parcialmente, o sistema contempla un mecanismo de nivelación, composto por dous bloques:

1. Recursos que se nivelan mediante o chamado Fondo de garantía dos servizos públicos fundamentais, que ten como fin cumprir o principio de equidade horizontal, para poder financiar os servizos esenciais do estado de benestar, co mesmo esforzo fiscal.
2. Recursos que non se nivelan, formado polo 25% dos ingresos tributarios normativos que non foron incluídos no Fondo de garantía dos servizos públicos fundamentais.

Coma variables de axuste do modelo, establécense os:

1. Fondo de suficiencia global, para asegurar a cada CC.AA. o aumento dos recursos adicionais que proporciona o novo sistema de financiamento.
2. Fondo de competitividade, co obxectivo de reforzar a equidade entre as comunidades autónomas e reducir as diferenzas no financiamento per cápita.

3. Fondo de cooperación, que pretende alcanzar o desenvolvemento rexional e estimular o crecemento e a converxencia rexional en termos de renda<sup>1</sup>.

De xeito resumido, podemos ver no seguinte esquema a actual configuración do sistema de financiamento autonómico que acabamos de describir:



Con todo, está establecido pola Lei 22/2009 un mecanismo de seguimento e actualización, para dar estabilidade ao sistema, cun sistema de revisión anual ou quinquenal, segundo sexa o caso.

---

<sup>1</sup> Estes dous últimos fondos, englobanse no chamado Fondo de converxencia autonómica.

## 1.2. O Sistema Foral

### 1.2.1. O Concerto Económico do País Vasco

O marco xurídico-positivo do Concerto Económico Vasco ten o seu elemento principal na disposición adicional primeira da Constitución, en virtude da cal se amparan os dereitos históricos dos territorios forais, á vez que se ordena a actualización xeral de dito réxime no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía.

O Estatuto de Autonomía para o País Vasco, aprobado por Lei Orgánica 3/1979, de 18 de decembro, establece o que as “institucións competentes dos territorios históricos do País Vasco poden manter, establecer e regular o seu propio sistema tributario. O primeiro Concerto Económico da Comunidade Autónoma do País Vasco, foi aprobado pola lei 12/1981, de 13 de maio, atribuíndose, do mesmo xeito que se fixera en Álava, unha duración limitada, ata o 31 de decembro do ano 2001. Nesta data, apróbase un novo Concerto Económico, seguindo os mesmos principios, bases e directrices que no anterior, pero reforzándose os procedementos tendentes á consecución dunha maior seguridade xurídica na súa aplicación. A principal novidade deste novo regulamento, é o seu carácter indefinido, prevíndose a adaptación ás modificacións que experimente o sistema tributario estatal.

En virtude deste Concerto, as institucións competentes nestes territorios poderán establecer e regular, dentro da súa xurisdición, o réxime tributario, salvo determinados tributos. A exacción, xestión, liquidación, inspección, revisión e recadación dos tributos contemplados no Concerto corresponde ás Deputacións Forais.

Para o mantemento e a compensación dos gastos do Estado no País Vasco, establécese un sistema de “cupo”. O cupo é a contribución que ha de transferir o País Vasco ás arcas estatais, para sufragar as competencias que o Estado presta nesa Comunidade, ao non ter sido transferidas, tales coma os gastos de Defensa, Exteriores, Coroa, etc. O cupo determínase a través dun índice de imputación, ao que se lle aplican determinados axustes e compensacións por tributos non concertados, outros ingresos e déficit, do que resultará o “cupo” líquido.

### 1.2.2. O Convenio Económico con Navarra

O Convenio Económico regula a autonomía financeira de Navarra, que arranca da Lei Paccionada de 1841, mediante a cal o “Vello Reino” incorpórase á estrutura do Estado, conservando a súa capacidade para establecer os seus propios tributos.

Consonte á Constitución, a Lei Orgánica de Reintegración e Melloramento do Réxime Foral de Navarra e, posteriormente, a Lei 28/1990, pola que se aproba o Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, recollen a potestade desta Comunidade para manter, establecer e regular o seu propio réxime tributario, sempre que non se opoña aos pactos internacionais e aos impostos do Estado.

No Convenio Económico establécense os criterios de harmonización fiscal co Estado español, así coma a “achega” de Navarra ao Estado, mediante a cal, a Comunidade Foral paga anualmente polos servizos e funcións non transferidas, que a Administración Central presta no seu territorio. O último convenio asinado foi o do 31 de xullo de 1990, producíndose, posteriormente, as actualizacións e modificacións necesarias nos anos 1997, 2003, 2007 e 2011.

## 2. As Corporacións Locais

Tal e como acabamos de describir no apartado anterior, é evidente que a organización territorial do Estado español sufriu un cambio substancial durante o último terzo do S. XX, cun proceso descentralizador sen precedentes, que dotou ás CC.AA dun conxunto de responsabilidades na xestión pública. En apenas un cuarto de século, descentralízase un terzo do sector público. Este proceso lévase a cabo a favor dos entes rexionais, se ben, as entidades locais non viron crecer a súa dimensión relativa, quedando nunha situación semellante á da etapa predemocrática.

A configuración do mapa municipal español nace baixo o paraugas da ideoloxía liberal, por mandato expreso do artigo 11 da Constitución de 1812: *“farase unha división máis conveniente do territorio español...”*, que quedará así vertebrado en vilas e provincias, confiándose o goberno daquelas aos concellos. Establece, ademais, nos artigos 310 e 335 que *“... se poñerá un concello nas vilas que non o teñan, e en que conveña o haxa, non podendo deixar de habelo nos que por si ou coa súa comarca cheguen a mil almas...”*. Se ben, o andar dos concellos non foi doado nin na súa creación, pois coa volta a España de Fernando VII restablécese o aparello administrativo do Antigo Réxime, retornando á situación de 1808.

Despois de vicisitudes históricas varias, o Real Decreto de 23 de xuño de 1835 determina o establecemento dun regulamento específico destinado á unión e segregación dos concellos. O “Arranxo Provisional dos Concellos do Reino” só serve para conter a excesiva disgregación espacial que tiña propiciado a lexislación precedente. Destronada Isabel II, apróbase a nova Constitución, que serve como telón de fondo na Lei Municipal do 20 de agosto de 1870, na que se contempla, por primeira vez, a posibilidade de que se produzan asociacións entre municipios para a “resolución de problemas comúns a través de mancomunidades intermunicipais”.

Estas mudanzas centradas xa no esforzo de concentración, non deu froito, observándose no censo municipal de 1907, ao redor de 9.297 xurisdicións, das que o 93% tiñan unha poboación inferior aos 5.000 habitantes.

Andado o tempo, comprobamos que a lexislación posterior non fai demasiados esforzos para adaptar os límites institucionais ás realidades urbanas emerxentes, trasladándose esta realidade do S. XIX ata os nosos días. A Nova Lei de Bases de Réxime Local de 1953, cuxo texto refundido é de 1955, introduce no seu artigo 13 a posibilidade de fusión de dous ou máis municipios limítrofes. A Lei 48/66 de 23 de xullo, achega algunhas técnicas de apoio ás agrupacións municipais, que nunca chegaron a aplicarse. Vixente ata o ano 1976, o saldo das fusións non foi especialmente

destacable, fusionándose un total de 1.025 concellos que, na súa maioría, recobran a independencia anos máis tarde.


Sentadas as bases do proceso autonómico e do novo sistema de organización territorial, chega o momento de enfrontarse ao “problema local”, o que pon en marcha a reforma que desemboca na Lei 7/1985, de 2 de abril, *Reguladora das Bases de Réxime local*, que no seu Título VIII plasma o modelo previsto na Constitución, en cuxos artigos 137 e 142, se consagran os principios xerais básicos de autonomía e suficiencia financeira. A Lei 39/1988, de 28 de decembro, *Reguladora das Facendas Locais*, complementa a anterior, dando forma definitiva ao actual réxime xurídico-financieiro da administración local. Ademais, ordena o sistema financeiro encamiñado á consecución dos principios de autonomía e suficiencia. Esta Reforma produce unha modificación no sistema impositivo vixente ata o momento, concretándose tamén cambios importantes en canto aos gastos, á vez que se establece unha nova normativa contable que mellora o control das colectividades locais e dá un maior rigor na xestión dos recursos.

## 2.1. Características e problemas de dimensión

O conglomerado administrativo español, complícase pola heteroxeneidade que presentan os concellos en canto a superficie, dispersión, número de habitantes, grao de urbanización, etc. Convén ter presente que a evolución da política española marcou, de xeito significativo, o proceso de transformación das formas organizativas das administracións públicas, e pon en evidencia o seu retraso relativo no grao de adecuación aos retos dos futuro, respecto a outros países do seu entorno. Así, nesta realidade combínanse factores tan diversos coma o minifundismo local –arredor do 86% dos concellos ten menos de 5.000 habitantes–, xunto con outros que se enfrontan a un elevado grao de urbanización –preto do 40% da poboación vive en cidades maiores de 100.000 habitantes.

¿Teñen os entes locais un problema de dimensión?, ¿que é o que se prevé na nosa lexislación? Numerosos estudos da realidade local española mostran unha inadaptación do tamaño xurisdiccional á correcta prestación de bens e servizos públicos, o que fai incompatible a figura do decisor-beneficiario-pagador, que leva aparelado importantes dificultades para a facenda local. Este nivel de goberno verase afectado, ademais de pola aparición de externalidades que se traducen en importantes efectos desbordamento –*spillovers*–, por custos de conxestión no consumo dos bens públicos locais. Esta situación, froito da falla de correlación entre o territorio funcional, institucional e relacional, fai que, na práctica, se teñan buscado solucións baseadas, fundamentalmente, na coordinación.

Gráfico 1. Territorios



A colaboración pode englobar diversas formas, así pois, podemos falar de adaptacións técnicas –que reagrupan competencias e recursos a través da colaboración intermunicipal–, de adaptacións estruturais –que consisten na cooperación de diversos territorios a través de fórmulas tales como a fusión, asociación, etc.–, e a intensificación da perecuación financeira ou a centralización de certas tarefas.

No nivel que nos ocupa, a modalidade máis utilizada internacionalmente pasa pola recomposición territorial ben sexa a nivel físico ou administrativo. Ao falar de recomposición territorial a nivel físico estamos a referirnos á fusión de municipios. Esta práctica consiste na reagrupación de dous ou máis territorios institucionais con igualdade xerárquica nun novo, coa característica esencial de que os entes fusionados perden a súa total autonomía en favor da entidade nacente do mesmo rango. Máis este non foi o modelo que prosperou.

A xestión pública neste eido encamiñouse máis cara á técnicas de cooperación que, ao menos sobre o papel, pretenden facilitar a cooperación interadministrativa, a flexibilidade na xestión dos recursos produtivos e a introdución de criterios de eficiencia e de eficacia que, porén, non deron os resultados esperados.

Os gobernos locais, con dous niveis de administración: o provincial e o municipal, botaron man, xeralmente, de mecanismos baseados en fórmulas voluntarias de cooperación, a instancias da comunidade autónoma ou tamén dos mesmos entes locais. As máis estendidas son as fórmulas asociativas, das que o exemplo clásico é o da mancomunidad. Están orientadas á prestación en común de determinados servizos públicos, servindo de instrumentos para paliar as deficiencias estruturais dos concellos españois. É a fórmula asociativa por excelencia para os pequenos municipios españois.

A Lei Reguladora de Bases de Réxime Local recoñece, no seu título IV, a potestade das CC.AA. para crear no seu territorio comarcas ou outras entidades que agrupen a varios municipios, cuxas características determinen intereses comúns para a súa xestión, ou demanden a prestación

deste tipo de servizos. A súa implantación tamén resultou ser lenta e só un pequeno número de autonomías as puxeron en práctica, sen demasiado éxito, salvo algunha excepción.

Tamén as CC.AA. poderán crear, modificar e suprimir as áreas metropolitanas, xa contempladas na Lei de Réxime Local de 1955, posibilitando a súa constitución para dar resposta ás dinámicas de urbanización existentes, onde as realidades territoriais e socioeconómicas forman un continuo urbano que desborda os límites municipais.

Os consorcios son organización con personalidade xurídica pública de natureza asociativa, con carácter non territorial, constituídas voluntariamente por diversas administracións públicas, ou por estas, con determinadas entidades privadas, sen afán de lucro, que teñan finalidades concorrentes de interese público. A figura consorcial é una das máis confusas, e aínda a pesar diso, ven sendo utilizada como una ferramenta de innovación na xestión dos servizos públicos.

A principal complexidade na sociedade actual para a prestación de bens e servizos provén dos procesos de intensa urbanización, coas demandas crecentes en cantidade e calidade dos bens públicos. Operando ou non con eficacia, isto conduce ao redescubrimento das fórmulas de xestión. Así, moitos bens e servizos públicos locais son producidos a través de concesións, sociedades mixtas ou consorcios, nos que a participación privada é fundamental

## **2.2. Os recursos locais: sistema tributario, transferencias e endebedamento**

A promulgación da Lei 39/1988, de 28 de decembro, (modificada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro), Reguladora das Facendas Locais, supuxo, en palabras da súa propia exposición de motivos, “a incorporación ao dereito positivo da reforma lexislativa da Facenda das entidades locais”. A publicación da referida Lei permitiu, basicamente, dar por resolto o longo período de transitoriedade no que viña desenvolvendo a actividade financeira o sector público local. No marco dunha estruturación global dos recursos das Facendas Locais, e coa forza que a aplicación dos seus preceptos proporcionaba ao amparo do artigo 149.1.18 da Constitución, ou o seu tratamento de normas relativas á competencia exclusiva do Estado, a Lei 39/1988 tivo un obxectivo claro, que foi a efectiva realización dos principios de autonomía e suficiencia financeira consagrados na Carta Magna española. Se hai un aspecto que neste marco tivo unha particular relevancia, foi a racionalización do sistema tributario local, coa creación de tres grandes figuras impositivas: o Imposto sobre Bens Inmóbeles, o Imposto sobre Actividades Económicas e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica; e a supresión correlativa dun número moi superior de tributos que incidían sobre a mesma materia imponible que os novos, como as Contribucións Territoriais Rústica e Pecuaria e Urbana, o Imposto Municipal sobre Solares, as Licenzas Fiscais de Actividades Comerciais e Industriais e de Profesionais e Artistas, o Imposto Municipal sobre Radicación e o Imposto Municipal sobre Circulación de Vehículos.

No ámbito estrito das taxas, a exacción destas limitase á prestación de servizos públicos e á realización de actividades administrativas de competencia municipal que se refiran, afecten ou beneficien ao suxeito pasivo, non sexan susceptibles de ser prestados ou realizados polo sector privado, sempre que a súa demanda non sexa voluntaria.

Para os demais casos de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia municipal, así como pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal, instruméntase un sistema de prezos públicos, como recurso non tributario, que dota ao réxime financeiro municipal de maior dinamismo e de máis capacidade de adaptación á realidade económica.

Finalmente, a participación dos municipios nos Tributos do Estado configurouse de forma tal que o seu funcionamento se coordinou co dos tributos propios daqueles de tal sorte que ambos conxuntamente deben garantir a suficiencia financeira destas Entidades Locais. Tal configuración maniféstase, formalmente, ao considerar a participación dos municipios nos Tributos do Estado coma un dereito constitucional daqueles e, materialmente, ao estar constituída por unha porcentaxe sobre a recadación líquida do Estado, que partindo dun financiamento inicial definitivo cuxa cifra se concreta, increméntase cada ano, como mínimo, na mesma medida en que se incrementa o gasto do sector estatal.

Admítese a posibilidade, coas debidas cautelas e condicionamentos, de que as Entidades Locais accedan ao crédito, en dous supostos con finalidade diferente ao financiamento dos gastos de investimento, tales coma: a cobertura do déficit na liquidación dos seus orzamentos e o financiamento, en casos extremos, por razóns de necesidade e urxencia, de gastos correntes pola vía dos expedientes de modificación orzamentaria. Por outra banda, a Lei regula así mesmo a posibilidade de impedir ou limitar, con carácter xeral, o acceso ao crédito das corporacións locais cando o requiran razóns de política económica ou, con carácter particular, cando a situación económico-financiera dunha corporación en concreto así o demande ou a operación que pretenda realizar resulte inviable desde un punto de vista económico.

Por último, tamén se prevé o financiamento das entidades supramunicipais, concretadas nas comarcas, entidades municipais asociativas e áreas metropolitanas, creándose, ademais, en favor destas últimas, un recargo sobre o Imposto sobre Bens Inmóveis sitos no territorio das devanditas entidades.

No ámbito provincial, a estrutura do sistema de recursos é moi similar á deseñada para os municipios, constando dos mesmos grupos, isto é, recursos non tributarios, recursos tributarios e participación nos Tributos do Estado. Os recursos non tributarios están constituídos polos ingresos patrimoniais e demais de dereito privado, as subvencións e demais prestacións de dereito público, o rendemento das operacións de crédito e o produto das multas e sancións. A súa regulación levouse a cabo seguindo os mesmos criterios que inspiraron a configuración destes recursos no ámbito municipal.

En canto aos recursos tributarios, a súa configuración realizouse tendo en conta a implantación en España do Imposto sobre o Valor

Engadido, que supuxo un cambio profundo na imposición estatal indirecta respecto da cal a tributación provincial tiña gran incidencia a través, fundamentalmente, do canon sobre a produción de enerxía eléctrica e das recargas sobre o imposto xeral sobre o tráfico das empresas, e sobre os impostos especiais de fabricación. A consecuencia do anterior, os recursos tributarios das provincias estruturaránse en taxas, contribucións especiais e o recargo sobre o Imposto de Actividades Económicas. No ámbito das taxas, a reforma prodúcese nos mesmos termos que respecto das taxas municipais, dando entrada, de igual modo, a un sistema de prezos públicos como recursos non tributarios. Respecto da participación en Tributos do Estado, o mecanismo configúrase con arranxo aos mesmos principios que inspiraron a instrumentación da participación dos municipios, prevíndose a súa distribución entre as provincias –con arranxo a diversos criterios socioeconómicos– e garantíndose que calquera que sexa a aplicación dos mesmos, cada provincia percibirá, cando menos, o que viña recibindo á entrada en vigor da Lei.

### **2.3. Financiamento das corporacións locais. O Sistema impositivo municipal teórico e práctico**

Dentro deste apartado, estudamos o sistema impositivo municipal, dende o punto de vista teórico e práctico. Para isto precisamos coñecer, en primeiro lugar, a lei, para proceder despois a liquidar os impostos municipais. Imos distinguir dous grandes bloques: o primeiro fai referencia aos tres impostos de exacción obrigatoria por parte dos concellos, mentres no segundo estudamos os que teñen carácter potestativo. A continuación resumimos os trazos básicos destes tributos, destacando só algúns dos aspectos que se van desenvolver durante o curso.

#### **Imposto de bens inmobles.**

- Características:
  - Imposto directo, real e municipal
  - De carácter obrigatorio
- Grava:
  - O valor dos bens inmobles
- Feito imponible:
  - A titularidade dos seguintes dereitos sobre inmobles rústicos, urbanos e os BICE:
    - Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou os servizos públicos a que se achen afectos
    - Dun dereito real de superficie
    - Dun dereito real de usufructo
    - Do dereito de propiedade
    - A realización dun feito imponible de entre os anteriores, pola orde fixada, motivará a non

suxeición do inmovible ás outras modalidades

- A cualificación de inmovibles rústicos, urbanos ou de características especiais, son os definidos como tales no Catastro.
  - Se un mesmo inmovible se atopa en distintos termos municipais: pertencerá a cada un deles pola superficie que ocupe no seu termo municipal.
- Devengo:
    - Obrigación do SP de formalizar as declaracións das alteracións susceptibles de inscrición catastral transcendentales.
  - Competencias e xestión:
    - Liquidación, recadación e revisión = concellos
    - IBI xestiónase a partir do Padrón Catastral e demais documentos de variacións efectuados pola Dirección Xeral do Catastro.
    - A lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, habilita aos municipios que se constitúan como cidades de gran poboación para que creen órganos propios e específicos de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos seus tributos propios.

### **Imposto de actividades económicas**

- Características:
  - Imposto directo, real, periódico e municipal
  - De carácter obrigatorio
- Grava:
  - O mero exercicio, en territorio español, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local e estean ou non especificadas nas tarifas
- Período impositivo:
  - Ano natural, salvo para as declaracións de alta que comprenderá desde o inicio ate o 31/12
- Devengo:
  - primeiro día do período impositivo
- Feito impoñible
  - Actividade empresarial:
    - Gandeiras con carácter independente, mineiras, comerciais, industriais e de servizos
    - Actividade empresarial, profesional ou artística: ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos

humanos, ou de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

- Non é actividade económica a utilización de medios de transporte propios nin a reparación en talleres propios se a través duns e outros non se prestan servizos a terceiros.
- Exencións:
  - O Estado, CC.AA. e entidades locais, e demais organismos análogos
  - Os Suxeitos Pasivos que inicien a súa actividade en territorio español nos 2 primeiros períodos impositivos do IAE en que se desenvolva
  - Os seguintes SP:
    - As persoas físicas
    - Os SP do IS e sociedades civís e entidades do artigo 35.4 da LGT cuxo importe neto da cifra de negocios < 1.000.000 euros
    - Os contribuíntes do IRNR que operen en España mediante establecemento permanente, se o importe neto da súa cifra de negocio <1.000.000 euros
    - As entidades xestoras da SS e as Mutualidades de Previsión Social
    - Os organismos públicos de investigación, centros de ensino custeados integramente con fondos públicos, ou fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino que sen ánimo de lucro estean en concerto educativo
    - As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro
    - A Cruz Vermella Española
    - Os SP aos que sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais
    - As actividades económicas realizadas por Entidades sen fins de lucro exentas do IS.

- Cotas municipais:

$$\begin{aligned}
 & \text{Cota fixa ou variable segundo elementos tributarios} \\
 & \quad + \\
 & \quad \text{Compoñente superficie dos locais} \\
 & \quad = \\
 & \quad \quad \text{Suma subcotas} \\
 & \quad \quad \times \\
 & \quad \text{Coeficiente de ponderación da cifra de negocios} \\
 & \quad = \\
 & \quad \quad \text{COTA DE TARIFA} \\
 & \quad \quad \times \\
 & \quad \quad \text{Coeficiente de situación} \\
 & \quad = \\
 & \quad \quad \text{COTA TRIBUTARIA} \\
 & \quad \quad - \\
 & \quad \quad \quad \text{Bonificacións} \\
 & \quad \quad \quad + \\
 & \quad \quad \quad \text{Recargo Provincial} \\
 & \quad = \\
 & \quad \quad \text{DÉBEDA TRIBUTARIA}
 \end{aligned}$$

### **Imposto sobre vehículos de tracción mecánica**

- Características:
  - Imposto directo, real e municipal
  - De carácter obrigatorio
- Grava:
  - A titularidade dos vehículos de tracción mecánica aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría
- Devengo
  - Primeiro día do período impositivo. Cota prorrateable por trimestres só ano adquisición e baixa definitiva, tamén en casos de baixa temporal por subtracción ou roubo
- Feito imponible:
  - Titularidade de vehículos de tracción mecánica aptos para circular por vías públicas calquera que sexa a súa clase e categoría, tales como
    - Os matriculados en Rexistros Públicos
    - Provistos de permisos temporais ou de matrícula turística

## **Impostos sobre construcións, instalacións e obras**

- Características:
  - Imposto indirecto, de ámbito local
  - De carácter potestativo
- Grava:
  - A realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención de licenzas de obra ou urbanística
- Feito imponible:
  - Realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención de licenza de obras ou urbanísticas, esta obtida ou non, se a súa expedición corresponde ao Concello da imposición.
- Devengo:
  - Prodúcese, con ou sen licenza, no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra
- Autoliquidación:
  - Os concellos poderán esixir o imposto en réxime de autoliquidación.
- Liquidación provisional:
  - Cando se conceda a licenza ou inicie a obra, determinándose a BI en función de:
    - O orzamento presentado polos interesados, visado polo Colexio profesional correspondente
    - Cando a ordenanza prevéao, en función dos índices ou módulos que estableza
- Liquidación definitiva:
  - Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, tendo en conta o custo real e efectivo. O Concello, tras comprobación administrativa, modificará a BI anterior, practicando unha liquidación definitiva -esixindo ou reintegrando a cantidade correspondente-

## **Impostos sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana**

- **Natureza:**
  - Imposto directo
  - De aplicación opcional
- **Grava:**
  - O  $\Delta$  de valor que experimenten os terreos urbanos ao pórse de manifesto pola transmisión da propiedade ou pola constitución ou transmisión dun dereito real de goce, limitativo do dominio sobre os terreos.
- **Feito imponible:**
  - Está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos urbanos para os efectos do IBI, con independencia de que se contemplan como tales no Catastro ou Padrón do IBI e tamén o está o incremento de valor que experimenten os terreos integrados cos inmobles clasificados como BICE para os efectos do IBI.
- **Devengo:**
  - Cando se transmita a propiedade do terreo a título oneroso ou gratuito (inter vivos ou mortis causa):
    - Na data de transmisión
    - Cando se constituía ou transmita calquera dereito de goce limitativo do dominio:
    - Na data que se constituía ou transmita
    - Non se devengará nas transmisións de terreos derivadas de operacións ás que sexa aplicable o réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos e troco de valores, salvo operacións de achegas non diñeirarias especiais.
- **Xestión:**
  - Prazos
    - Inter vivos: 30 días hábiles seguintes do devengo
    - Mortis causa: no prazo de 6 meses ampliable a 1 ano de solicitude do SP
- **Liquidación:**
  - Os Concellos están facultados para establecer o sistema de autoliquidación polo SP e consecuente pago. O Concello só poderá comprobar que se fixeron segundo as normas do imposto sen que poidan atribuírse valores, bases ou cotas distintas das resultantes delas.

- En ningún caso, poderá esixirse o imposto en réxime de autoliquidación, se se trata do suposto no que o VC non estea fixado.
- Se os concellos non establecesen sistema de autoliquidación, as liquidacións que resulten do imposto notificaranse ao SP co prazo de ingreso e recursos posibles.

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

- Nesta unidade didáctica, ademais de coñecer a teoría da descentralización do sector público, imos adentrarnos na realidade da administración española. Para iso, é preciso que os alumnos sexan coñecedores da nosa historia máis recente, dende o punto de vista económico e institucional. Os alumnos han de poder utilizar as ferramentas ao seu alcance para coñecer a realidade da administración española, a súa configuración, evolución, etc.
- A secuencia temporal de estudo da unidade didáctica coincide coa fase de liquidación de determinados tributos estudados, polo que será actividade complementaria comprobar cal é a liquidación destes nos concellos correspondentes.
- Outro dos exercicios interesantes para observar o grado de cumprimento das obrigas tributarias dos concello, consiste en ver os informes do Consello de Contas –para o caso de Galicia– ou dos respectivos noutras CC.AA., comprobando que concellos renden contas, cales non, a que é debido, cales son as consecuencias, etc.
- Levaremos a cabo discusións, debates, comentarios de texto, sobre o traspaso de competencias, a dimensión municipal, as fórmulas de recomposición teóricas e prácticas, etc., tratando de crear un estado de opinión propia nos alumnos.
- Todo isto, complementado coa liquidación dos tributos autonómicos e locais estudados.

## **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

---

- Tendo en conta as actividades propostas, a avaliación é unha mestura da actividade interactiva e expositiva do alumno. Así, pois, unha parte desta avaliación dependerá dos resultados que consiga o alumno na realización dos traballos e discusións que se produzan, mentres, outra parte da avaliación depende do apartado que se dedicará a este tema no exame final.
- É imprescindible o seguimento continuo e activo da materia para poder superar o exame final, pois sen os traballos e a participación do alumno na aula non se poderá chegar a superar a unidade e a materia.

## BIBLIOGRAFÍA

---

### Básica

- CARAMÉS, L. (2004): *Economía Pública Local*, Thomson Civitas, Madrid.
- GIMENEZ, A. (2003): *Federalismo Fiscal. Teoría y Práctica*, Tirant lo Blanch, Valencia.
- LEI 51/2002, de 27 de Diciembre, reforma de Lei 39/1988, Reguladora de las Haciendas Locales.
- MONASTERIO, C. E SUÁREZ, J. (2002): *Manual de Hacienda Autonómica y Local*, Ariel, Barcelona.
- RODDEN, J.; ESKELAND, G. E LITVACK, J. (EDS.). *Fiscal Decentralization and Challenge of Hard Budget Constraints*, MIT Press, Cambridge.

### Complementaria

- BERDAHL, L. E VANDER, C. (2002): «Urban Finance: crisis and remedies», *Horizons*, 5 (1), 12-14.
- BIRD, R., SLACK, E., (2004): «Fiscal aspects of metropolitan governance», Working Paper 0401, Institute for International Business, University of Toronto.
- BOADWAY, R. E SHAH,A. (2009): *Handbook on Fiscal Federalism*, Cambridge University Press.
- CADAVAL, M. E CARAMÉS, L. (2006): «Una aproximación a los modelos de intermunicipalidad», *Urban Public Economics Review*, 6, 33-69.
- CARAMÉS, L. (2005): «Consideraciones en torno al tamaño de los municipios», *Papeles y Memorias de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, XIII, 40-46.
- CARAMÉS, L. (2006): «La competencia fiscal en el estado de las autonomías», *Papeles y Memorias de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, XIV, 24-32.
- DAFFLON, B. (2002): «Structures communales: Qu'est-ce qui distingue la collaboration intercommunale, l'agglomération et la fusion? », Working Paper 325, BENEFRÉ, Université Fribourg.
- SUÁREZ, J. (2002): «Grandes ciudades y modernización del gobierno local», *Economistas*, 22 (100), 209-213.

### Citas de recursos en internet

- Agencia Tributaria: [www.aeat.es](http://www.aeat.es)
- Boletín Oficial do Estado: [www.boe.es](http://www.boe.es)
- Instituto de Estudios Fiscales: [www.ief.es](http://www.ief.es)
- Ministerio de Economía: [www.meh.es](http://www.meh.es)
- Ministerio de Administraciones Públicas: [www.map.es](http://www.map.es)



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

